

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

6960 *Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en ciencias da saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea.*

O artigo 18 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, establece que o Goberno, por proposta do Ministerio de Sanidade e Política Social, establecerá os supostos e procedementos para o recoñecemento en España de títulos de especialista obtidos en Estados non membros da Unión Europea e prevé que o recoñecemento deses títulos terá efectos profesionais.

En cumprimento do disposto na citada lei e do previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, que establece o prazo dun ano para levar a cabo ese desenvolvemento, dítase este real decreto, co cal se pretende dar resposta á situación da sociedade actual, que se caracteriza por un alto nivel de mobilidade dos profesionais sanitarios, non só no marco da Unión Europea, senón tamén dos procedentes doutros países non comunitarios que desexan exercer no noso sistema sanitario por razóns da máis variada índole.

Entre as notas máis características deste real decreto, cabe destacar o seu obxectivo xeral de que o procedemento de recoñecemento profesional de títulos estranxeiros non vaia en detrimento dos altos niveis de calidade conseguidos tanto en España como nos demais Estados membros da Unión Europea na formación de especialistas. De aí que un aspecto destacado deste procedemento sexa, non só a ineludible comparación entre a formación adquirida no país de orixe e a que outorga o programa español da especialidade de que se trate, senón tamén a comprobación de que os títulos estranxeiros, cuxo recoñecemento profesional se pretende, cumpren no caso de profesións harmonizadas, como son as de médico especialista (44 especialidades) e a de matrona, os requisitos mínimos de formación fixados para tales efectos pola Unión Europea na Directiva 2005/36/CE, do 7 de setembro de 2005, que foi trasposta a través do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

Na mesma liña de garantir a calidade dos títulos recoñecidos, o procedemento regulado por esta norma prevé que o interesado non só debe demostrar documentalmente a equivalencia da formación adquirida no estranxeiro coa requirida en España, senón que, en todo caso, será preciso verificar que esa formación comportou a adquisición das competencias inherentes ao exercicio profesional da especialidade que corresponda, a través dun período de exercicio profesional en prácticas ou de formación complementaria, en ambos os casos avaliados, que se levarán a cabo en estreita colaboración coas comunidades autónomas, xa que o Sistema Nacional de Saúde é o primeiro interesado en que os profesionais que se incorporen ás súas organizacións teñan un adecuado nivel de competencia profesional que garanta o dereito á saúde dos cidadáns e o bo funcionamento das institucións sanitarias.

O procedemento regulado por este real decreto tamén tomou en consideración a importancia que teñen nas prestacións asistenciais os aspectos comunicativos cos usuarios, con outros profesionais e coas organizacións sanitarias que integran o Sistema Nacional de Saúde. Este obxectivo cúmprese mediante a acreditación previa, de ser o

caso, do coñecemento do español e a través dos períodos de exercicio profesional en prácticas ou de formación complementaria, que se prevén no procedemento de recoñecemento e que se destinan, entre outros, a tal fin.

Este real decreto conta co informe dos ministerios de Educación, de Política Territorial, de Asuntos Exteriores e Cooperación, de Traballo e Inmigración, de Economía e Facenda, de Defensa, da Axencia Española de Protección de Datos e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, na cal están representadas, entre outros, as consellerías de Sanidade/Saúde das distintas comunidades autónomas.

Así mesmo, esta norma someteuse ao informe das organizacións colexiais de médicos, farmacéuticos, psicólogos, enfermeiros, químicos, biólogos e físicos, dos órganos asesores dos ministerios de Sanidade e Política Social e de Educación en materia de formación sanitaria especializada, das asociacións do sector e do Foro Marco para o Diálogo Social a que se refire o artigo 11 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de abril de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular as condicións e o procedemento para lles recoñecer aos títulos estranxeiros de especialista obtidos en Estados non membros da Unión Europea os efectos profesionais inherentes ao correspondente título español de especialista en Ciencias da Saúde.

2. Só serán obxecto de recoñecemento aqueles títulos estranxeiros que habiliten para o exercicio dalgunha das especialidades que se relacionan no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

Así mesmo, estará incluído no ámbito de aplicación deste real decreto o recoñecemento de efectos profesionais aos títulos de especialista ou de matrona expedidos por un Estado membro da Unión Europea, cando o interesado, non sendo nacional do citado Estado, estea en posesión dun título de especialista expedido por este.

3. A resolución favorable ao recoñecemento de efectos profesionais ao título de especialista obtido nun Estado non membro da Unión Europea nos termos previstos neste real decreto outorgará os mesmos dereitos e obrigas profesionais que o título español de especialista e será requisito imprescindible para o exercicio, por conta propia ou allea, da profesión de especialista de que se trate en España.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do previsto nas normas aplicables ao exercicio das profesións sanitarias reguladas que resulten de aplicación, do disposto na normativa en materia de estranxeiría e inmigración respecto á situación xurídica dos estranxeiros en España e do previsto no artigo 30 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, respecto ás estadias formativas temporais autorizadas a graduados e especialistas estranxeiros en Ciencias da Saúde de países cos cales España subscribise convenios de colaboración cultural.

Artigo 2. *Exclusións.*

Estarán excluídos do ámbito de aplicación desta norma:

a) O recoñecemento daqueles títulos estranxeiros de especialista que antes da entrada en vigor deste real decreto fosen recoñecidos ou homologados a un título español de especialista.

b) As solicitudes de recoñecemento formuladas por nacionais de Estados membros da Unión Europea respecto a títulos de especialista ou de matrona obtidos neles, que se resolverán polo procedemento regulado para o recoñecemento deses títulos no Real

decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

c) As solicitudes de recoñecemento formuladas por nacionais de Estados membros da Unión Europea respecto a títulos estranxeiros de especialista ou de matrona expedidos por países terceiros e recoñecidos por outro Estado membro, que se resolverán polo procedemento regulado no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, sempre que o seu titular acredite reunir os requisitos de experiencia profesional e de formación previstos no seu artigo 6.2.

Artigo 3. *Requisitos previos e solicitude.*

1. Quen solicite o recoñecemento de efectos profesionais aos títulos estranxeiros de especialista que regula este real decreto deberá acreditar os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título español ou, de ser o caso, da resolución de homologación ou recoñecemento de título estranxeiro que, segundo o previsto no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, se require en España para acceder á formación especializada correspondente ao título de especialista cuxo recoñecemento profesional se solicita.

Quedan exceptuados do previsto na alínea anterior os solicitantes do recoñecemento profesional do título de matrona expedido nun país extracomunitario, cando o acceso a esa formación se producise por vía de acceso directo con formación específica de matrona nos termos previstos no punto segundo do artigo 4.2.b).

b) Posuír un título estranxeiro de especialista que teña carácter oficial no país en que se obtivo e que habilite nel para o exercicio profesional da especialidade cuxo recoñecemento profesional se solicita.

c) Que a formación especializada conducente á obtención do título estranxeiro de que se trate, se realizou nun centro universitario, nun centro hospitalario docente ou, de ser o caso, nun centro sanitario acreditado para tal fin.

d) Acreditar de forma pormenorizada a formación especializada cursada polo interesado para obter o título estranxeiro de especialista, a súa duración, tempo de dedicación a ela, especificando se a formación tivo carácter retribuído e, de ser o caso, a experiencia profesional adquirida no país en que se obtivo o título de que se trate, co fin de comparar as competencias adquiridas polo solicitante e as que se adquiren en España a través do correspondente título de especialista.

O anteriormente exposto enténdese sen prexuízo de que o interesado acredite, así mesmo, a formación complementaria, experiencia docente, investigadora, publicacións e outros méritos que posúa.

e) Os nacionais de Estados cuxa lingua oficial non sexa o español acreditarán un recoñecemento suficiente deste.

f) Que o solicitante estea habilitado para o exercicio da especialidade de que se trate por non estar inhabilitado por sentenza xudicial ou sanción administrativa firme.

Quen estea inhabilitado non poderá solicitar o recoñecemento durante o tempo que dure a inhabilitación.

g) O interesado que xa solicitase o recoñecemento de efectos profesionais dun título estranxeiro de especialista, de acordo con este real decreto, e obtivese unha resolución desfavorable, non poderá solicitar novamente o recoñecemento dese título ata transcorridos, polo menos, dous anos desde a data desa resolución.

2. Os requisitos que se citan no número anterior acreditaranse de forma que faga fe nos termos previstos nos anexos I, II e III deste real decreto. Os documentos expedidos no estranxeiro deberán estar legalizados por vía diplomática ou mediante apostila do Convenio da Haia e, de ser o caso, xuntaranse con tradución xurada.

3. A solicitude axustarase ao modelo oficial e instrucións que se conteñen no anexo I. Á solicitude xuntaráselle os documentos acreditativos do previsto nos puntos anteriores, así como os demais documentos que se citan no mencionado anexo.

Así mesmo, poderase acceder ao modelo de solicitude e ás instrucións antes citadas a través da páxina web do Ministerio de Sanidade e Política Social:

<http://www.msc.es/profesionais/formacion/recoTitulosExtra.htm>

Artigo 4. *Iniciación, instrución e impulso do procedemento.*

1. O procedemento de recoñecemento profesional iniciarase mediante solicitude dos interesados, dirixida ao ministro de Sanidade e Política Social, segundo o modelo oficial antes citado.

As solicitudes presentaranse en soporte papel no Rexistro Xeral do Ministerio de Sanidade e Política Social, ou en calquera dos rexistros dos servizos periféricos dese ministerio, ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da presentación de solicitudes por vía electrónica ante o Rexistro Electrónico do Ministerio de Sanidade e Política Social, con suxeición ao previsto na normativa que regula o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. A Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, unha vez cubertas as solicitudes, emitirá informe de comprobación previa de que os títulos estranxeiros que se refiran a profesións de médico especialista e de matrona cuxa formación está harmonizada no ámbito europeo, garanten reunir os requisitos mínimos de formación exixidos no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, nos seguintes termos:

a) No caso de que o recoñecemento do título estranxeiro se solicite para o exercicio da profesión de médico especialista requirirase que os aspirantes acrediten reunir as condicións mínimas de formación establecidas no artigo 37 ou, de ser o caso, no artigo 40 (cando o recoñecemento solicitado se refira á especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria) do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro.

b) No caso de que o recoñecemento de título estranxeiro se solicite para o exercicio da especialidade de Enfermaría Obstétrica-Xinecolóxica (Matrona), estes requisitos mínimos consistirán nunha formación como matrona a tempo completo de, polo menos, dous anos ou 3.600 horas, subordinada á posesión previa dun título de enfermeiro/a, ou nunha formación de matrona de catro anos a tempo completo, cando o título estranxeiro de matrona acredite unha formación de educación superior obtida por vía directa, sen necesidade de ter concluído previamente os estudos relativos á profesión de enfermeiro.

A formación de matrona en ambos os supostos deberase referir, como mínimo, ao programa que figura no punto 5.5.1 do anexo V.5 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, e será avaliada polo comité de avaliación no exercicio das funcións atribuídas neste real decreto.

c) Se o informe de comprobación previa previsto nas anteriores alíneas a) e b) resultar positivo, proseguirá o procedemento trasladando as solicitudes ao comité de avaliación a que se refire o artigo seguinte.

No suposto de que ese informe resultar negativo, ditarase resolución motivada nos termos previstos no artigo 14, que porá fin ao procedemento.

3. A Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, como órgano encargado da instrución e impulso dos procedementos de recoñecemento regulados por este real decreto, poderá solicitar, de oficio ou por proposta dos intervinientes nel, a documentación complementaria ou os informes que se consideren necesarios para a adecuada tramitación e resolución dos expedientes.

Artigo 5. *O comité de avaliación. Creación, composición e réxime de funcionamento.*

1. Créase o comité de avaliación para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista, como órgano asesor adscrito á Dirección Xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, que exercerá as funcións que se citan no artigo 6.

2. O citado comité estará integrado polo subdirector xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, ou persoa en que delegue, que asumirá a súa presidencia; por oito vogais que terán os seus respectivos suplentes, nomeados polo director xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección do citado departamento, por proposta das entidades que se citan no número 3 deste artigo e por un secretario, con voz e sen voto, designado entre os funcionarios adscritos á citada Subdirección Xeral de Ordenación Profesional.

O nomeamento dos vogais terá unha duración de catro anos sen prexuízo da súa prórroga por igual período de tempo ou da súa renovación, en calquera momento, cando así o propoña a comisión, organización ou departamento que propuxo a súa designación.

Así mesmo, o director xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, por resolución motivada e oído previamente o comité de avaliación, poderá acordar a remoción de todos os vogais ou de parte deles, por manifesto incumprimento das obrigas asumidas como membros do comité ou das súas normas de funcionamento.

3. Os vogais do comité de avaliación e os seus respectivos suplentes serán especialistas en Ciencias da Saúde e serán designados polo director xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social do seguinte modo: dous, por proposta do citado director xeral; tres, por proposta da Comisión Técnica Delegada da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, elixidos por esa comisión entre os seus vogais que representan as consellerías/departamentos de Sanidade/Saúde das distintas comunidades autónomas; dous, por proposta da Comisión Permanente do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, e un, por proposta da organización colexial que corresponda en función do título universitario que se exixa para acceder en España ao título de especialista de que se trate.

As entidades propoñentes dos membros do comité de avaliación e os órganos directivos dos centros onde presten servizos facilitarán a asistencia destes ás reunións do comité.

Para a realización das súas funcións, o comité de avaliación contará coa colaboración de asesores con voz e sen voto, propostos polas comisións nacionais das distintas especialidades en Ciencias da Saúde. Estes asesores serán elixidos polo subdirector xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, entre os propostos polas citadas comisións, segundo o grupo de especialidades a que pertencen os expedientes de recoñecemento obxecto de análise na sesión do comité de que se trate.

Para os únicos efectos da determinación do grupo a que se adscribirán os asesores que propoñan as distintas comisións nacionais, as especialidades en Ciencias da Saúde que se relacionan no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 febreiro, clasifícanse en seis grupos, segundo se especifica no anexo IV deste real decreto.

Así mesmo, ademais dos asesores antes citados, o comité de avaliación poderá solicitar a colaboración doutros asesores, con voz e sen voto, propostos por organizacións científicas ou profesionais do sector.

4. O comité de avaliación reunirse logo de convocatoria do seu presidente, polo menos cunha periodicidade mensual.

No non previsto por este real decreto, o funcionamento do comité de avaliación adecuarase ao réxime previsto para os órganos colexiados no capítulo II, do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Comité de avaliación. Funcións.*

1. Son funcións do comité de avaliación:

a) Analizar, en todos os supostos de recoñecemento, refíranse ou non a profesións cuxa formación estea harmonizada na Unión Europea, o expediente anexo a cada solicitude para determinar, á vista dos contidos e da duración da formación, da experiencia profesional adquirida no país en que se obtivo o título e demais méritos alegados e acreditados polo solicitante a través do seu expediente profesional, o grao de equivalencia cualitativa e cuantitativa existente entre a formación adquirida e a que outorga o título español da especialidade que se corresponde co recoñecemento profesional solicitado. Para estes efectos terase en conta o programa español da especialidade de que se trate, vixente no momento de presentar a solicitude de recoñecemento, ao abeiro do previsto neste real decreto.

A análise do expediente concluirá coa emisión dun dos informes proposta que se citan no artigo 8.

b) Determinar a duración dos períodos de exercicio profesional en prácticas e a duración e características dos períodos de formación complementaria.

c) Emitir o informe previsto no artigo 12.4 e cualificar as probas que deriven dos informes proposta que se citan na alínea d) do artigo 8.

d) A validación final das avaliacións outorgadas polos supervisores designados pola comunidade autónoma en que se realizaron os períodos de exercicio profesional en prácticas ou, de ser o caso, de formación complementaria que se regulan nos artigos 10 e 11.

A validación destas avaliacións concluirá co informe proposta de verificación final.

2. As actuacións do comité de avaliación cos interesados ou con calquera dos implicados nos procedementos de recoñecemento para solicitar documentación complementaria, para propor o nomeamento de asesores ou para calquera outro asunto relacionado cos expedientes que estea analizando levaranse a cabo a través da Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social.

Artigo 7. *Comité de avaliación. Fases.*

1. As actuacións do comité de avaliación levaranse a cabo en dúas fases:

a) Unha primeira fase de análise do expediente anexo a cada solicitude para determinar, segundo os criterios previstos no artigo 6.1. a), o grao de equivalencia existente entre a formación adquirida polo interesado e a que outorga o título español que se corresponde co recoñecemento profesional solicitado. Esta fase concluirá cun dos informes proposta que se citan no artigo 8.

b) Unha segunda fase de verificación final da avaliación levada a cabo polo correspondente supervisor, tras a realización dun período complementario de exercicio profesional en prácticas, ou tras a realización dun período complementario de formación na correspondente especialidade, nos termos previstos no artigo 9 en relación co 13.2 deste real decreto.

2. Os informes proposta faranse constar na correspondente acta do comité de avaliación e trasladaranse á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, que adoptará as medidas oportunas para que se dite a resolución que proceda ou, de ser o caso, para que se articulen os períodos de exercicio profesional en prácticas, de formación complementaria ou de proba teórico-práctica.

Artigo 8. *Comité de avaliación. Informes proposta da primeira fase.*

Nesta fase o comité de avaliación, tras analizar o expediente do interesado, emitirá algún dos seguintes informes proposta:

a) Informe proposta negativo de avaliación do expediente. Emitirase cando o comité, da análise do expediente nos termos previstos no artigo 6.1.a), considere que da documentación e historial profesional do aspirante se desprende que as diferenzas en

canto ás características, duración e/ou contidos entre a formación alegada e a que corresponde ao título español de especialista cuxo recoñecemento profesional se solicita, non son emendables cun período de formación complementaria ou cunha proba teórico-práctica.

Este informe proposta negativo será motivado, impedirá que prosiga o procedemento ante o comité de avaliación e trasladarase á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social para que se dite a resolución que proceda.

b) Informe proposta condicionado ao resultado da validación que outorgue este comité á avaliación dun período de exercicio profesional en prácticas na especialidade de que se trate, realizada polo supervisor da correspondente comunidade autónoma. Este informe proposta emitirase cando, da análise do expediente nos termos previstos no artigo 6.1.a), se desprenda que o interesado adquiriu unha formación cualitativa e cuantitativamente equivalente á que outorga o correspondente título español de especialista.

O período de exercicio profesional en prácticas terá a finalidade de verificar que o solicitante, cunha formación equivalente á do correspondente título español de especialista, adquiriu as competencias profesionais derivadas dese título, incluídas as habilidades clínicas e comunicativas necesarias para se relacionar cos usuarios do sistema sanitario e cos seus profesionais.

Este informe proposta trasladarase á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, que adoptará as medidas necesarias para que se leve a cabo o período de exercicio profesional en prácticas nos termos previstos no artigo 10 deste real decreto.

c) Informe proposta condicionado ao resultado da validación que outorgue este comité á avaliación dun período complementario de formación na especialidade de que se trate, realizada polo supervisor da correspondente comunidade autónoma. Este informe proposta emitirase cando da análise do expediente nos termos previstos no artigo 6.1.a) se desprenda que a formación e competencias adquiridas polo solicitante, en relación coas requiridas polo correspondente título español de especialista, adoece de deficiencias emendables mediante un período complementario de formación destinado a tal emenda.

O comité de avaliación definirá as características deste período de formación complementaria que terá a finalidade de emendar as deficiencias detectadas e constatar que o interesado adquiriu as competencias profesionais derivadas do correspondente título español de especialista, incluídas as habilidades clínicas e comunicativas necesarias para se relacionar cos usuarios do sistema sanitario e cos seus profesionais.

Este informe proposta trasladarase á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, que adoptará as medidas necesarias para que se leve a cabo o período de formación complementaria nos termos previstos no artigo 11 deste real decreto.

d) Informe proposta condicionado á superación dunha proba teórico-práctica nos termos previstos no artigo 12, seguida da posterior realización dun período de exercicio profesional en prácticas avaliado. Este informe proposta emitirase cando da análise do expediente, nos termos previstos no artigo 6.1.a), o comité de avaliación considere que a equivalencia cualitativa e cuantitativa entre a formación e competencias adquiridas polo solicitante e as que outorga o correspondente título español de especialista, se debe acreditar mediante a superación dunha proba obxectiva seguida da posterior realización dun período de exercicio profesional en prácticas.

A proba teórico-práctica terá a finalidade de constatar a preparación do interesado para o exercicio actualizado da especialidade de que se trate, tendo en conta os obxectivos cualitativos e cuantitativos e as competencias profesionais do programa español da correspondente especialidade.

A cualificación de non apto nesta proba impedirá que prosiga o procedemento e determinará a emisión dun informe proposta negativo que se trasladará á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social para que se dite a resolución que proceda.

Cando o interesado obtivese a cualificación de apto na mencionada proba, a posterior realización dun período de exercicio profesional en prácticas cumprirá os obxectivos previstos para tales períodos no parágrafo segundo da anterior alínea b) e adecuarase ao disposto neste real decreto.

Artigo 9. Comité de avaliación. Informes proposta da segunda fase.

Nesta fase o comité de avaliación emitirá informe proposta de verificación final das avaliacións dos períodos de exercicio profesional en prácticas e de formación complementaria, realizadas na conclusión destes polo supervisor designado pola comunidade autónoma onde se realizen. A finalidade última desa verificación é a de constatar a equivalencia total entre as competencias e a formación adquiridas polo solicitante e as que corresponden ao título español de especialista de que se trate.

Estes informes proposta, que poderán ser positivos ou negativos, ateranse ao previsto no artigo 13.2 e trasladaranse á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social para que prosiga o procedemento ata a súa resolución, segundo o previsto nos artigos 14 e seguintes deste real decreto.

Artigo 10. Características e organización dos períodos de exercicio profesional en prácticas.

As características e organización dos períodos de exercicio profesional en prácticas derivados dos informes proposta que se citan no artigo 8. b) serán as seguintes:

1. O Ministerio de Sanidade e Política Social determinará a comunidade autónoma en que se realizarán os períodos de exercicio profesional en prácticas e para estes efectos teranse en conta as preferencias do interesado, o número de solicitudes presentadas, a capacidade docente e outros criterios de planificación na formación de especialistas que as comunidades autónomas comuniquen ao Ministerio de Sanidade e Política Social, mediante informe razoado.

2. O período de exercicio profesional en prácticas levarase a cabo nun centro do Sistema Nacional de Saúde ou concertado con el, ou nun centro privado que conte cunha unidade asistencial da correspondente especialidade.

3. A duración do período de exercicio profesional en prácticas, que non poderá ser superior a tres meses, será fixada pola comunidade autónoma dentro dos límites que acorde o comité de avaliación. Durante ese período o interesado terá o mesmo réxime de xornada que o dos especialistas do centro en que se realice. Calquera actividade profesional ou formativa que leve a cabo o interesado á marxe deste período non poderá implicar incompatibilidade horaria ou diminución da xornada.

4. As actividades en que interveña quen estea realizando un período de exercicio profesional en prácticas ateranse ao plan fixado polo supervisor designado pola comunidade autónoma. A comunidade autónoma responsable da súa organización aprobará ese plan, que terá en conta as áreas competenciais fundamentais da especialidade e o que prevexa o comité de avaliación en canto á súa duración.

As citadas actividades serán, en todo caso, tuteladas, planificadas, dirixidas e avaliadas polo mencionado supervisor, que prestará servizos na unidade asistencial en que se realice ese período e posuirá o título da correspondente especialidade.

O previsto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do deber xeral de supervisión dos profesionais que presten servizos nas unidades asistenciais onde se realicen os períodos de exercicio profesional en prácticas.

A avaliación do período de exercicio profesional en prácticas, realizada polo supervisor, e a súa verificación final polo comité de avaliación, ateranse ao previsto no artigo 13 deste real decreto.

5. O período de exercicio profesional en prácticas será retribuído polo que, con carácter previo á súa iniciación, o interesado, na súa condición de traballador, e a entidade titular da unidade asistencial do centro sanitario onde se leve a cabo, na súa condición de empresario, subscribirán un contrato de traballo por obra ou servizo determinado, cuxo obxecto será a realización das actividades sinaladas no número 4. A duración do contrato

será a do tempo que exixa a realización desas actividades, de acordo co establecido no correspondente plan aprobado pola comunidade autónoma.

As retribucións e demais condicións laborais non previstas neste artigo acordaranse no ámbito de negociación que en cada caso corresponda, segundo o réxime xurídico aplicable aos centros sanitarios onde se leven a cabo os períodos de exercicio profesional en prácticas.

6. Corresponde ao órgano competente en materia de formación sanitaria especializada da Consellería de Sanidade/Saúde da comunidade autónoma onde se realicen os períodos de exercicio profesional en prácticas, a súa organización, tramitación, seguimento, determinación da unidade asistencial en que se levará a cabo, designación do correspondente supervisor, aprobación do plan proposto por este e remisión do informe de avaliación á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, unha vez concluído o período.

7. Os xerentes/directores dos centros sanitarios onde se leven a cabo os períodos de exercicio profesional en prácticas responsabilizaranse e constatarán, con carácter previo á iniciación deses períodos, que o interesado ten asegurados os riscos derivados da responsabilidade civil en que puiden incurrir como consecuencia das actividades levadas a cabo durante eses períodos.

Artigo 11. *Características e organización dos períodos de formación complementaria.*

As características e organización dos períodos de formación complementaria derivados dos informes proposta que se citan no artigo 8.c) serán as seguintes:

1. Corresponde ao Ministerio de Sanidade e Política Social determinar a comunidade autónoma en que se realizarán os períodos de formación complementaria e para estes efectos aplicaranse as pautas que se citan no número 1 do artigo anterior.

2. O período de formación complementaria levarase a cabo nunha unidade asistencial acreditada para a docencia na especialidade de que se trate.

3. A duración do período de formación complementaria será acordada polo comité de avaliación, non poderá ser superior a nove meses e o interesado terá un réxime de dedicación horaria equivalente ao da xornada dos residentes en formación do centro en que se realice durante ese período. Calquera actividade profesional ou formativa que leve a cabo o interesado á marxe deste período non poderá implicar incompatibilidade horaria ou diminución das horas de formación complementaria.

4. As actividades en que interveña quen estea realizando un período de formación complementaria ateranse ao plan fixado polo supervisor designado pola comunidade autónoma. A comunidade autónoma responsable da súa organización aprobará o citado plan, que terá en conta o que preveña o comité de avaliación en canto á súa duración e ás deficiencias formativas detectadas.

As citadas actividades serán, en todo caso, tuteladas, planificadas, dirixidas e avaliadas polo mencionado supervisor que prestará servizos na unidade asistencial en que se realice ese período e posuirá o título da correspondente especialidade.

O previsto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do deber xeral de supervisión dos profesionais que presten servizos nas unidades asistenciais onde se realicen os períodos de formación complementaria.

A avaliación dos períodos de formación complementaria realizada polo supervisor e a súa verificación final polo comité de avaliación ateranse ao previsto no artigo 13.

5. Durante este período, o interesado terá a consideración de persoal en formación complementaria do centro sanitario en que se realice ese período, que non terá carácter retribuído nin implicará vinculación laboral entre o interesado e a entidade titular do mencionado centro.

6. Corresponde ao órgano competente en materia de formación sanitaria especializada da Consellería de Sanidade/Saúde da comunidade autónoma onde se realicen os períodos de formación complementaria, a súa organización, tramitación, seguimento, determinación da unidade asistencial en que se levará a cabo, designación do correspondente supervisor, aprobación do plan proposto por este e remisión do informe de avaliación á Subdirección

Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, unha vez concluído o período.

7. Os xerentes/directores dos centros sanitarios onde se leven a cabo os períodos de formación complementaria constatarán, con carácter previo á iniciación de tales períodos, que o interesado ten asegurada a asistencia sanitaria e cubertos os riscos derivados de accidente e de responsabilidade civil en que puiden incorrer como consecuencia das actividades levadas a cabo durante tales períodos.

Artigo 12. *Características e organización das probas teórico-prácticas.*

As características e organización das probas teórico-prácticas derivadas dos informes proposta que se citan no artigo 8 d) serán as seguintes:

1. As probas teórico-prácticas, que serán convocadas polo director xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, terán como mínimo carácter anual, ou unha periodicidade inferior cando, logo de informe do comité de avaliación, así o aconselle o número de solicitantes ou outras razóns que xustifiquen a súa repetición no mencionado período anual, xa sexa con respecto a unha ou a varias das especialidades involucradas nesas probas.

2. A proba teórico-práctica de cada especialidade elaboraraa a Dirección Xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, con suxeición ao previsto no número 4 deste artigo e constará de dúas partes:

A primeira parte avaliará coñecementos teóricos, clínicos e habilidades diagnósticas e consistirá en contestar un cuestionario de preguntas que se estruturará co grao de discriminación e dificultade que se corresponda coa práctica habitual dun especialista. O citado cuestionario abordará, de forma equilibrada, as distintas facetas da especialidade, tomando como referencia o programa formativo español que en cada caso corresponda.

A segunda parte terá a finalidade de comprobar que os aspirantes teñen capacidade para tomar as decisións máis apropiadas, tanto diagnósticas como terapéuticas se procede, de problemas prevalentes que abarquen aspectos vinculados ao exercicio actualizado da especialidade.

Esta segunda parte consistirá na realización de supostos prácticos con problemas concretos da especialidade, seguidos dun determinado número de preguntas con resposta aberta para a súa contestación de forma razoada.

3. O comité de avaliación cualificará as probas e avaliará os aspirantes como aptos ou non aptos. Para ser declarado apto será necesario que o aspirante supere cada unha das partes en que se estrutura a proba teórico-práctica que, para estes efectos, serán obxecto de avaliación independente.

4. Logo de informe do comité de avaliación, o director xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, ditará resolución que se publicará no Boletín Oficial del Estado, que determinará os criterios comúns sobre organización, formato, contido, cualificación e garantías dos exames teórico-prácticos.

Artigo 13. *Avaliación dos períodos de exercicio profesional en prácticas e de formación complementaria.*

1. Finalizado o período de exercicio profesional en prácticas ou, de ser o caso, de formación complementaria, o supervisor realizará un informe de avaliación, visado polo responsable da unidade asistencial, en que se especificarán as actividades levadas a cabo polo interesado, segundo o plan aprobado pola comunidade autónoma, co fin de verificar as competencias adquiridas para o exercicio da especialidade de que se trate ou, de ser o caso, corrixir as deficiencias formativas detectadas polo comité de avaliación.

O informe do supervisor concluirá coa proposta positiva ou negativa, en todo caso motivada, de avaliación global do período de exercicio profesional en prácticas ou de formación complementaria.

O mencionado informe trasladarase ao órgano competente da comunidade autónoma que, unha vez ratificado, o remitirá á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social para a súa verificación polo comité de avaliación.

2. O comité de avaliación, á vista do informe, procederá a comprobar que o período de exercicio profesional en prácticas ou, de ser o caso, o período de formación complementaria, se realizaron nos termos previstos neste real decreto, caso en que emitirá informe proposta de verificación final da avaliación que ratifique a avaliación, positiva ou negativa, outorgada polo supervisor.

Se como consecuencia das comprobacións levadas a cabo polo comité de avaliación, este considerar incompleta ou insuficiente a proposta de avaliación realizada polo supervisor, procederá a solicitar, de forma motivada, canta documentación, informes ou actividades sexan necesarios para aclarar a adecuación do período realizado para proceder á verificación final da avaliación outorgada polo supervisor.

No suposto excepcional de que as actuacións que se citan no parágrafo anterior deriven na necesidade de que o interesado deba realizar, con carácter previo ao informe proposta de verificación final, algún tipo de actividade complementaria, esta non poderá ser superior a un mes e será avaliada polo supervisor. Cando estas actividades complementarias deriven dun período de exercicio profesional en prácticas, procederase á prórroga do contrato de traballo que se cita no número 5 do artigo 10.

Os informes de verificación final da avaliación, cuxa finalidade última é a de acreditar se existe unha total equivalencia entre as competencias e a formación adquiridas polo solicitante e as que corresponden ao título español de especialista de que se trate, trasladaranse á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social para que prosiga o procedemento nos termos previstos nos artigos seguintes.

Artigo 14. *Trámite de audiencia e resolución do procedemento.*

1. Cando se diten actos que impidan que prosiga o procedemento ou cando o informe do comité de avaliación sexa negativo e antes de que se dite a resolución que se cita no punto seguinte, levarase a cabo o trámite previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e trasladaráselle ao interesado o citado informe proposta para que, nos termos previstos neste artigo, realice as alegacións que coide oportunas, que serán consideradas á hora de ditar a resolución coa cal conclúa o procedemento.

2. A resolución do ministro de Sanidade e Política Social porá fin á vía administrativa polo que, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se poderá recorrer contra ela potestativamente en reposición no prazo previsto no artigo 117 desta lei, ou ser impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Sen prexuízo do previsto no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o prazo para ditar e notificar a resolución que se cita no parágrafo anterior será de seis meses, contado desde a data en que as solicitudes tivesen entrada no Rexistro Xeral do Ministerio de Sanidade e Política Social, ou en calquera dos rexistros dos servizos periféricos dese ministerio.

Os períodos de exercicio profesional en prácticas, os de formación complementaria e, de ser o caso, o período necesario para a realización da proba teórico-práctica que se prevé neste real decreto, consideraranse incluídos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polo que terán efectos suspensivos respecto ao prazo máximo para resolver que se cita no parágrafo anterior.

De acordo co establecido no anexo II da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, cando transcorra o prazo máximo para resolver sen que se notificase a correspondente resolución,

poderase entender desestimada a solicitude para efectos de interposición do recurso procedente.

3. As resolucións relativas ao recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista trasladaranse ás comunidades autónomas que o soliciten.

Artigo 15. *Acreditación do recoñecemento e efectos.*

1. O subdirector xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social, coa mesma data en que se dite a resolución que se cita no artigo 14.2, expedirá, cando esa resolución sexa favorable ao recoñecemento de efectos profesionais do título de especialista de que se trate, unha credencial personalizada en que se fará referencia expresa á mencionada resolución do ministro de Sanidade e Política Social.

Esta credencial será o documento mediante o cal o interesado poderá acreditar a habilitación profesional de que se trate, para os efectos previstos no artigo 1.3 deste real decreto.

2. As resolucións de recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de matrona obtidos pola vía directa sen posuír, por tanto, un título previo de enfermeiro, segundo o previsto no parágrafo segundo do artigo 4.2.b) deste real decreto, só terán efectos respecto ao exercicio da profesión de matrona sen que, en ningún caso, este recoñecemento habilite para o exercicio ou acceso a postos de traballo de enfermeiro.

Artigo 16. *Rexistro.*

De conformidade co establecido no artigo 32.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, a información derivada das credenciais outorgadas a quen obteña o recoñecemento de efectos profesionais que se regula neste real decreto trasladarase ao Rexistro Nacional de Especialistas en Ciencias da Saúde, que existe na Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación.

Disposición adicional primeira. *Supostos especiais.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 2.b) e c) deste real decreto, estará incluído no seu ámbito de aplicación o recoñecemento de efectos profesionais aos títulos de especialista ou de matrona expedidos por países terceiros e recoñecidos por outro Estado membro da Unión Europea, cando o posuidor do título extracomunitario de que se trate non teña a nacionalidade dalgún Estado membro, ou cando non acreditase reunir os requisitos de experiencia profesional e de formación previstos no artigo 6.2 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas con lingua oficial propia.*

As comunidades autónomas que teñan recoñecida outra lingua oficial ademais do español poderán adoptar as medidas necesarias para asegurar que quen obteña o recoñecemento de efectos profesionais do seu título estranxeiro de especialista e queira exercer no ámbito territorial desas comunidades adquira un coñecemento adecuado da lingua cooficial que en cada caso corresponda.

Disposición adicional terceira. *Colaboración da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde.*

A Dirección Xeral de Ordenación Profesional, Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, do Ministerio de Sanidade e Política Social, á vista das solicitudes presentadas, poderalle solicitar á Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde a súa colaboración para identificar as características propias dos sistemas de formación sanitaria especializada dos países non membros da Unión Europea que se consideren oportunos ou teñan unha maior afluencia de solicitudes, co obxecto de valorar a súa similitude co sistema español. Estes informes trasladaranse ao comité de avaliación e ás consellerías/departamentos de Sanidade/Saúde das comunidades autónomas.

Disposición adicional cuarta. *Acceso a prazas de facultativos especialistas do Sistema Nacional de Saúde.*

Para quen obtivese o recoñecemento de efectos profesionais do título estranxeiro de especialista, ao abeiro do previsto neste real decreto, na fase de concurso das probas selectivas para o acceso a prazas de facultativo especialista, polo concepto de antigüidade, só se valorarán os servizos prestados como especialista desde a data de obtención dese recoñecemento mediante a resolución a que se refire o artigo 14.2.

Disposición adicional quinta. *Adaptación deste real decreto á situación específica das cidades de Ceuta e Melilla.*

Cando os períodos de exercicio profesional en prácticas e de formación complementaria se leven a cabo en institucións sanitarias das cidades de Ceuta e Melilla ou noutras da Administración do Estado, as referencias que este real decreto realiza ás comunidades autónomas entenderanse referidas ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ou ao órgano da Administración do Estado que en cada caso corresponda.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

Os expedientes de homologación de títulos extracomunitarios de especialista iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, de acordo co procedemento previsto na Orde do 14 de outubro de 1991, continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación, salvo renuncia expresa do interesado a ese procedemento, dirixida ao ministro de Educación, e presentación da solicitude de recoñecemento de efectos profesionais con suxeición ao previsto neste real decreto.

No prazo máximo de dous anos desde a data de entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Educación convocará a última proba teórico-práctica a que se refire o punto segundo da Orde do 14 de outubro de 1991, na cal poderán participar os aspirantes que non formularon a renuncia que se cita no parágrafo anterior.

Disposición transitoria segunda. *Recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros que se correspondan con especialidades de enfermaría non desenvolvidas.*

Os procedementos de recoñecemento regulados por esta norma só serán de aplicación ás especialidades de enfermaría relacionadas no número 4 do anexo I, do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean desenvolvidas.

Entenderanse desenvolvidas esas especialidades unha vez que concluíse o correspondente programa formativo a primeira promoción de cada unha delas, seleccionada ao abeiro de convocatoria nacional de proba selectiva para o acceso a prazas de formación sanitaria en especialidades de enfermaría.

Disposición transitoria terceira. *Profesionais sanitarios que exercen cun título estranxeiro de especialista non recoñecido.*

Aos españois e nacionais de Estados non comunitarios que residan no territorio nacional, se encontren en posesión dun título estranxeiro de especialista obtido nun deses Estados e exercen en España, no ámbito propio e específico desa especialidade, durante un período non inferior a un ano nos cinco anteriores á entrada en vigor deste real decreto, sen o título de especialista recoñecido, seralles de aplicación o procedemento de recoñecemento regulado por esta norma, coa única particularidade de que, formalizada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 3 e emitido o informe favorable que se cita no artigo 4.2. c), poderán, de maneira excepcional e por unha soa vez, optar entre a realización dun período de exercicio profesional en prácticas ou dunha proba teórico-práctica nos termos previstos neste real decreto.

O prazo de presentación da mencionada opción será dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto e realizarase de forma expresa, cubrindo o recadro destinado para o efecto, no modelo de solicitude a que se refire o artigo 3.3.

Para tal fin, os interesados achegarán como documentación adicional á presentada coa súa solicitude:

a) Certificacións dos xefes de servizo ou responsables das unidades asistenciais da especialidade solicitada, co visto e prace do xerente ou representante legal do centro sanitario, acreditativas do exercicio profesional efectivo dentro do campo propio e específico da especialidade de que se trate, en que consten a data de inicio e finalización.

b) Certificacións dos xerentes ou representantes legais dos centros, acreditativas da existencia dunha relación profesional retribuída durante o período de exercicio profesional exixido. Nesa certificación especificaranse, así mesmo, a especialidade a que ese exercicio se refire, as datas de inicio e finalización, a adscrición efectiva do interesado á unidade e a dedicación horaria.

c) Certificacións expedidas polo órgano competente da comunidade autónoma, acreditativas de que o exercicio profesional exixido se levou a cabo en centros sanitarios autorizados, segundo a normativa ditada pola comunidade autónoma que en cada caso corresponda, en desenvolvemento do previsto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Disposición transitoria cuarta. *Especialidades en réxime de alumnado.*

Ata que se desenvolvan as previsións contidas na disposición transitoria cuarta da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, sobre a posible modificación, supresión ou adaptación do sistema de formación das especialidades en réxime de alumnado cuxo sistema formativo non é o de residencia, este real decreto será de aplicación ás solicitudes que se formulen para recoñecer títulos estranxeiros de especialista obtidos en Estados non membros da Unión Europea, os efectos profesionais dos títulos españois de especialista en Hidroloxía Médica, Medicina da Educación Física e do Deporte, Medicina Legal e Forense, e Farmacia Industrial e Galénica.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en concreto, a Orde do 14 de outubro de 1991, pola que se regulan as condicións e o procedemento de homologación dos títulos estranxeiros de farmacéuticos e médicos especialistas polos correspondentes títulos oficiais españois.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Modificación de anexos.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Política Social para modificar mediante orde os anexos I, II, III e IV deste real decreto para a súa adaptación ás súas disposicións de desenvolvemento e á lexislación aplicable en cada momento.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento de estranxeiría.*

O Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa modificación pola Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, recollerá as especificidades propias dos estranxeiros habilitados profesionalmente como especialistas en Ciencias da Saúde de acordo co

previsto neste real decreto, no marco da regulación dos procedementos relativos a autorizacións de residencia temporal e traballo.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Corresponde ao ministro de Sanidade e Política Social ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Política Social,
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA

ANEXO I

Instrucións para a formalización da solicitude de recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en ciencias da saúde, obtidos en estados non membros da Unión Europea

Lea atentamente estas instrucións antes de cubrir con letra maiúscula a solicitude, En caso de dúbida, pode solicitar a información complementaria que desexe á Subdirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e Política Social (no sucesivo MSPS), a través do seguinte correo institucional: recontitextracom@msps.es

1. Formas de presentación da solicitude.

1.1 Mediante a formalización da solicitude (integrada polas follas n.º 1, n.º 2 e n.º 3) cuxo documento se descargará da páxina web do MSPS <http://www.msc.es/profesionales/formacion/recoTitulosExtra.htm> para a súa posterior presentación xunto co resto da documentación requirida, ante o Rexistro Xeral do MSPS (Paseo do Prado, 18 e 20, 28071 Madrid), ou en calquera dos rexistros dos servizos periféricos dese ministerio, ou ante os rexistros das delegacións ou subdelegacións de Goberno, cuxa localización nas distintas comunidades autónomas pode ser consultada a través da páxina web do MSPS antes citada.

O anteriormente exposto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que inclúe entre os posibles lugares de presentación as representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

Nota importante.–De conformidade co previsto no Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, o interesado ten dereito a que se lle facilite un recibo de presentación da solicitude, que poderá consistir nun duplicado selado en que figure o lugar e a data de presentación.

1.2 Alternativamente, os interesados poderán presentar a súa solicitude e restante documentación ante o Rexistro Electrónico do MSPS. De elixir esta opción, a solicitude presentarase mediante sistemas de certificado electrónico, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a lei antes citada e a Orde SAS/410/2010, do 15 de febreiro, pola que se crea a sede electrónica do Ministerio de Sanidade e Política Social.

2. Solicitantes que teñan presentada solicitude de homologación do seu título de especialista ante o Ministerio de Educación, ao amparo da Orde ministerial do 14 de outubro de 1991, sen que se resolverse o procedemento iniciado: deberán cubrir o número 6 xuntándolle á solicitude unha copia compulsada da renuncia a ese procedemento formulada ante o Ministerio de Educación.

3. Documentación obrigatoria que se debe achegar xunto coa solicitude: a sinalada no número 7 do modelo de solicitude.

O historial profesional presentado polo interesado documentarase en todos os seus extremos na forma prevista no número 4 destas instrucións.

4. Forma de presentación de documentos adxuntos á solicitude e ao historial profesional:

4.1 Os documentos expedidos no estranxeiro deberán estar legalizados por vía diplomática ou mediante apostila do Convenio da Haia e, de ser o caso, xuntaranse con tradución xurada. Non obstante o anterior, poderanse presentar en copia compulsada da forma prevista no punto seguinte, caso en que a legalización ou apostila deberá figurar sobre o documento orixinal, antes da realización da copia que se vaia compulsar.

4.2 A documentación presentarase debidamente compulsada.

A compulsa dos documentos antes citados efectuaráa fedatario público ou facilitarase gratuitamente mediante a presentación do documento orixinal e unha copia ante os funcionarios encargados da súa recepción, segundo o previsto no número 1.3. das presentes instrucións. Estes funcionarios realizarán o cotexo dos documentos e copias comprobando a identidade dos seus contidos e procederán a estampar na copia que se xunte á solicitude o correspondente selo de compulsa, en que se fará constar a súa data e a identificación do órgano e da persoa que a expide, e devolveranlle o orixinal ao interesado.

Se as copias estiveren xa cotexadas e legalizadas ante notario ou polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde proceda o documento, non será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

Con carácter xeral non se achegarán documentos orixinais a este procedemento, excepto cando se poidan requirir de acordo co disposto no artigo 4.3 deste real decreto ou no punto seguinte.

5. Validación dos documentos: en caso de dúbida sobre a autenticidade, validez ou contido dos documentos achegados, a Subdirección Xeral de Ordenación Profesional, como órgano instrutor do procedemento, poderá efectuar as dilixencias necesarias para a súa comprobación, así como dirixirse á autoridade competente expedidora deles para validar os extremos dubidosos.

6. Identidade: situación excepcional para cando non se achegue a fotocopia compulsada do DNI ou da tarxeta de identidade de estranxeiro.

Os estranxeiros non comunitarios que se encontren en situación de estadía por estudos ou de residencia en España, nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, poden optar por non presentar a documentación acreditativa da súa identidade e nacionalidade se prestan o seu consentimento expreso, a través do recadro destinado para o efecto no número 1 do modelo de solicitude, co fin de que a comprobación do cumprimento do requisito da identidade e nacionalidade se leve a cabo mediante unha consulta ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade, nos termos previstos no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, desenvolvido pola Orde PRE/3949/2006, do 26 de decembro, pola que se establece a configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade.

7. Notificación electrónica: a posibilidade de presentación de solicitudes e a notificación das actuacións derivadas do procedemento regulado por este real decreto axustaranse ás indicacións previstas na páxina web do MSPS:

<http://www.msc.es/profesionais/formacion/recoTitulosExtra.htm>

8. Período de exercicio profesional en prácticas ou, de ser o caso, de formación complementaria. Número 5 do modelo de solicitude.

Para a determinación da comunidade autónoma onde, de ser o caso, se realizará o período de exercicio profesional en prácticas ou de formación complementaria, aplicaranse os criterios contidos nos artigos 10.1 e 11.1. deste real decreto.

Para estes efectos o solicitante, para indicar a súa orde de preferencia, utilizará os códigos das distintas comunidades autónomas que figuran na páxina web do MSPS:

<http://www.msc.es/profesionais/formacion/recoTitulosExtra.htm>

9. Protección de datos de carácter persoal: en aplicación do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que figuren na solicitude serán tratados co único fin de os poder xestionar adecuadamente. Do mesmo modo, ao abeiro do previsto no artigo 32.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, os datos dos solicitantes que obteñan o

recoñecemento profesional do título, trasladaranse ao Rexistro Nacional de Especialistas en Ciencias da Saúde do Ministerio de Educación, que terá carácter público no relativo á identidade dos interesados, ao título ou diploma que posúen e á data de obtención do seu recoñecemento.

A través da presentación da solicitude entenderase que o interesado está dando o seu consentimento para incorporar os seus datos persoais nun ficheiro do MSPS de solicitudes de recoñecemento de efectos profesionais a títulos de especialista obtidos en Estados non membros da Unión Europea.

Así mesmo, a través da solicitude entenderase que o interesado autoriza a cesión dos seus datos persoais ao comité de avaliación para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista, aos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de formación sanitaria especializada, así como ás institucións e centros sanitarios implicados na articulación dos períodos de exercicio profesional en prácticas e de formación complementaria, nos termos previstos na normativa que regula o procedemento a que se refire esta solicitude.

Se o interesado non achegar os datos ou a documentación a que se refire esta solicitude, procederase, tras ser requirido nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ao arquivo do seu expediente.

10. Solicitantes que se acollan ao previsto na disposición transitoria terceira (profesionais sanitarios que exercen cun título estranxeiro de especialista non recoñecido): Refírese aos solicitantes residentes en España con título estranxeiro de especialista non homologado que prestasen servizos no ámbito propio e específico da especialidade de que se trate, durante un período non inferior a un ano nos cinco anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Estes solicitantes realizarán, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto, a opción prevista no número 8 do modelo de solicitude e xuntarán obrigatoriamente, ademais da documentación que se cita no número 7 dese modelo, a documentación adicional a que fai referencia o número 8.



MINISTERIO
DE SANIDADE
E POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA XERAL DE SANIDADE

**SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE EFECTOS PROFESIONAIS A TÍTULOS ESTRANXEIROS DE ESPECIALISTA
EN CIENCIAS DA SAÚDE, OBTIDOS EN ESTADOS NON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA
(Folla 1)**

1. DATOS DO SOLICITANTE

Apelidos e nome		Nacionalidade (indicar país)	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Número de DNI, pasaporte ou nº de tarxeta de identidade de estranxeiro (TIE)		Data de nacemento	
<input type="text"/>		____/____/____	
Home <input type="checkbox"/>			
Muller <input type="checkbox"/>			
Solicitantes españois, en estadia por estudos ou residencia en España que non presenten DNI ou TIE (punto 6 instrucións.)			
Autorizo consulta Sistema de Verificación de Datos de Identidade:		SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	

2. DATOS DO REPRESENTANTE (só en caso de actuar mediante representación)

Apelidos e nome	Nº DNI, pasaporte ou TIE	Nacionalidade
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE

Solicitude de recoñecemento de efectos profesionais do título estranxeiro de especialista en:

Outorgado por centro universitario, hospitalario-docente ou centro sanitario acreditado (*denominación, localidade e país*):

Para os efectos profesionais do título español de especialista en:

En caso de ter solicitado previamente o recoñecemento do título de especialista e obter unha resolución desfavorable

Data da resolución _____

4. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN

Para os efectos de notificacións, o interesado / representante (*risquese o que non proceda*), sinala o seguinte domicilio:

DOMICILIO DE NOTIFICACIÓN			
Avda., rúa ou praza e número.		Localidade	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Código postal	Provincia	País	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Correo electrónico do interesado ⁽¹⁾ :		Teléfono fixo con prefixo:	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
		Teléfono móbil:	
		<input type="text"/>	

⁽¹⁾ Para facilitar a comunicación, en caso de necesidade, entre a Administración e o interesado, e válido, de ser o caso, como medio de notificación.

5. DATOS RELATIVOS AO LUGAR DE REALIZACIÓN DO PERÍODO DE EXERCICIO PROFESIONAL OU, DE SER O CASO, DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (especificar por orde de preferencia e separados por comas os códigos das comunidades autónomas onde se desexe realizar o período)

Código

Código das comunidades autónomas por orde de preferencia
(pódese consultar a relación de códigos para cada comunidade autónoma na nosa páxina web:

<http://www.msc.es/profesionais/formacion/recoTitulosExtra.htm>



MINISTERIO
DE SANIDADE
E POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA XERAL DE SANIDADE

SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE EFECTOS PROFESIONAIS A TÍTULOS ESTRANXEIROS DE ESPECIALISTA EN CIENCIAS DA SAÚDE, OBTIDOS EN ESTADOS NON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA (Folla 2)

Apelidos e nome do solicitante	Nº DNI, pasaporte, TIE

6. O SOLICITANTE MANIFESTA QUE, TENDO PRESENTADO SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE OUTUBRO DE 1991, RENUNCIÓU A ESE PROCEDIMENTO ANTES DA SÚA RESOLUCION, XUNTANDO A RENUNCIA FORMULADA ANTE O MINISTERIO DE EDUCACIÓN.

Presentou solicitude de homologación ante o Ministerio de Educación:
Xunta copia da renuncia rexistrada no Ministerio de Educación:

SÍ NON
SÍ NON

7. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE XUNTA A ESTA SOLICITUDE.

- Copia compulsada do documento que acredite a identidade e en que conste a nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría. No caso de cidadáns españois, residentes en España, ou en estadia por estudos, fotocopia compulsada do DNI ou da TIE.
- Consentimento expreso do interesado para que sexa efectuada consulta ao Sistema de Verificación de Datos de identidade (*cubrir só no suposto excepcional previsto no número 6 das Instrucións para cubrir esta solicitude*).
- Copia compulsada do título estranxeiro de especialista cuxo recoñecemento se solicita ou do título estranxeiro de matrona cando o acceso a este se produce por vía directa. Tradución oficial (de ser o caso)
- Copia compulsada da resolución de homologación/recoñecemento ditada polo ministerio que corresponda, do título universitario requirido para acceder á especialidade cuxo recoñecemento profesional se solicita (Medicina, Farmacia, Enfermaría, Psicoloxía, Bioloxía, etc.)
- Certificación expedida pola autoridade competente do país expedidor do título estranxeiro de especialista de que se trate, acreditativa de que ese título ten carácter oficial e habilita no seu país para o exercicio profesional da especialidade cuxo recoñecemento profesional se solicita.
- Certificación expedida pola autoridade competente do país que expediu o título, relativa a que a formación especializada alegada se realizou nun centro universitario, nun centro hospitalario docente ou, de ser o caso, nun centro sanitario acreditado para tal fin.
- Historial profesional segundo o modelo incluído no anexo II deste real decreto⁽¹⁾. (*Os tres primeiros puntos do citado historial profesional son de formalización obrigatoria*).
- Os nacionais de Estados cuxa lingua oficial non sexa o español deberán acreditar un coñecemento suficiente, mediante os documentos que se especifican no número 1 do anexo III, deste real decreto⁽¹⁾, salvo que se acredite documentalmente que o solicitante se encontra nalgunha das excepcións que se citan no número 2 do citado anexo III⁽¹⁾.
- Declaración xurada ou promesa do interesado relativa a que o título estranxeiro presentado para o seu recoñecemento profesional non foi obxecto de anterior recoñecemento ou homologación favorable que implique habilitación profesional deste ou doutro título de especialista, tanto por España como por outro país da Unión Europea.
- Certificación da autoridade competente do Estado onde se exerceu a profesión de especialista de que se trate, acreditativa de que o solicitante non está inhabilitado por sentenza xudicial ou sanción administrativa firme para o exercicio dela ou que, tendo estado inhabilitado, non solicita o recoñecemento durante o tempo que dura a inhabilitación.

Todos os documentos que se xunten á solicitude e os aspectos incluídos no historial profesional deben estar acreditados documentalente, da forma prevista no número 4 das instrucións para a formalización da solicitude que se conteñen no anexo I deste real decreto⁽¹⁾.

8. SOLICITANTES QUE SE ACOLLAN Á DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA DESTE REAL DECRETO (profesionais sanitarios que exercen cun título estranxeiro de especialista non recoñecido). - O interesado opta por: (*cúbrase o recadro correspondente á opción elixida*)

- A realización dun período de exercicio profesional en prácticas. Unha proba teórico-práctica.

A validez desta opción require a súa presentación a través desta solicitude no prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor deste real decreto.

Documentación adicional que se debe presentar (*de carácter obrigatorio*):

- Certificacións dos xefes de servizo ou responsables das unidades asistenciais da especialidade solicitada, co visto e prace do xerente ou representante legal do centro sanitario, acreditativas do exercicio profesional efectivo dentro do campo propio e específico da especialidade de que se trate, en que consten a data de inicio e finalización.
- Certificacións dos xerentes ou representantes legais dos centros, acreditativas da existencia dunha relación profesional retribuída durante o período de exercicio profesional exixido. Nesa certificación especificaranse, así mesmo, a especialidade a que ese exercicio se refire, as datas de inicio e finalización, a adscrición efectiva do interesado á unidade e a dedicación horaria.
- Certificacións expedidas polo órgano competente da comunidade autónoma acreditativas de que o exercicio profesional exixido se levou a cabo en centros sanitarios autorizados, segundo a normativa ditada pola comunidade autónoma que en cada caso corresponda, en desenvolvemento do previsto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.



MINISTERIO
DE SANIDADE
E POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA XERAL DE SANIDADE

**SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE EFECTOS PROFESIONAIS A TÍTULOS ESTRANXEIROS DE ESPECIALISTA
EN CIENCIAS DA SAÚDE, OBTIDOS EN ESTADOS NON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA
(Folla 2)**

Apelidos e nome do solicitante

Nº DNI, pasaporte, TIE

--	--

9. OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA A ESTA SOLICITUDE.

(Especificar)

--

(*) *Pódese consultar tamén na nosa páxina web:* <http://www.msc.es/profesionales/formacion/recoTitulosExtra.htm>

A utilización dos datos persoais que figuran nesta solicitude adécuase ao previsto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (*véxase o número 9 das instrucións*)

LUGAR E DATA

SINATURA DO SOLICITANTE

ANEXO II

Guión-modelo para elaborar o historial profesional que se lle xuntará á solicitude de recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en estados non membros da Unión Europea

1. Datos persoais e situación laboral/profesional do interesado no momento de presentar a súa solicitude.
2. Formación académica previa. Títulos e graos académicos obtidos, especificando centros e datas.
3. Formación especializada do solicitante vinculada ao exercicio profesional cuxo recoñecemento solicita, especificando:
 - a) O sistema de acceso e centro autorizado en que se desenvolveu.
 - b) O programa formativo seguido, a súa articulación práctica, a súa duración e dedicación horaria, se se percibiu retribución durante este e se realizaron gardas, detallando lugares e tempos, así como calquera outro aspecto que resulte de interese.
4. Formación complementaria:
 - a) Relacionada co exercicio profesional cuxo recoñecemento se solicita.
 - b) Relacionada con outras especialidades en Ciencias da Saúde.
5. Experiencia profesional adquirida no país que expediu o título de especialista (especificar actividades, lugares e tempos):
 - a) No ámbito profesional obxecto de recoñecemento.
 - b) Noutros ámbitos relacionados coas Ciencias da Saúde.
6. Experiencia docente universitaria e non universitaria, vinculada con Ciencias da Saúde, especificando lugares e tempos.
7. Méritos de investigación:
 - a) Participación en proxectos de I+D: título do proxecto, entidade financiadora, duración, investigador responsable e grao de participación do interesado.
 - b) Tese de doutoramento etc.
8. Publicacións: distinguirase entre libros, capítulos de libros e artigos.
No caso das publicacións de libros e capítulos de libros, bastará con consignar o ISBN, ademais da referencia bibliográfica completa.
No caso de artigos publicados en revistas, especificaranse o título do traballo e os seus autores, consignando, ademais da referencia bibliográfica completa, o ISSN e a súa inclusión en repertorios de literatura científica españois e internacionais para efectos da súa posible localización.
9. Congresos e relatorios.
10. Outros méritos e datos de interese en relación co historial profesional do aspirante.

Nota: os datos a que se refiren os números 1, 2 e 3 son de consignación obrigatoria; os demais cubriranse segundo a situación persoal de cada solicitante.

É imprescindible a acreditación documental dos méritos do historial profesional e para estes efectos terase en conta o previsto ao respecto no número 4 do anexo I (instrucións).

Este anexo figura incorporado na páxina web do Ministerio de Sanidade e Política Social:

<http://www.msc.es/profesionales/formacion/recoTitulosExtra.htm>

ANEXO III

Acreditación de coñecemento do idioma español que se xuntará, de ser o caso, á solicitude de recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en ciencias da saúde, obtidos en estados non membros da Unión Europea

1. Suposto de feito e certificados acreditativos: os aspirantes nacionais de Estados cuxo idioma oficial non sexa o español acreditarán o coñecemento suficiente deste mediante a presentación de copia compulsada dalgún dos seguintes documentos:

a) Diploma de español (nivel intermedio, B2), diploma de español (niveis superiores ao C2), expedido con carácter oficial polo director do Instituto Cervantes, segundo o previsto no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) publicado no Boletín Oficial del Estado do 8 de novembro, modificado polo Real decreto 264/2008, do 22 de febreiro, publicado no Boletín Oficial del Estado do 12 de marzo de 2008.

Cando os aspirantes non poidan achegar os diplomas que se citan no parágrafo anterior, será válida a presentación dun certificado emitido polo centro onde se realizou o exame, en que conste que o aspirante foi declarado apto á vista das cualificacións oficiais outorgadas polo Instituto Cervantes na proba de que se trate.

Nota: para maior información sobre estes diplomas e a súa forma de obtención, pódese consultar a páxina web do Instituto Cervantes <http://www.cervantes.es>

b) Certificado de nivel intermedio (B.1) ou do nivel avanzado (B.2) de español como lingua estranxeira, expedido polo órgano competente da Administración educativa da correspondente comunidade autónoma, de acordo co previsto para tal nivel no Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Estarán exentos de acreditar o cumprimento deste requisito:

a) Aqueles aspirantes cuxo título universitario, en virtude do cal puideron acceder á formación especializada de que se trate, fose expedido por algunha universidade do Estado español, ou de Estados cuxa lingua oficial sexa o español.

b) Aqueles solicitantes que presenten documentos acreditativos de ter obtido o diploma de estudos avanzados, a suficiencia investigadora ou o título de doutor, expedidos por algunha universidade do Estado español.

c) Aqueles solicitantes que acrediten ter concluído no Estado español un período distinto de formación especializada en Ciencias da Saúde, como consecuencia de ter obtido praza en formación na correspondente convocatoria nacional de probas selectivas.

3. Os diplomas acreditativos do coñecemento do idioma español que se cita no número 1 deberanse achegar xunto coa solicitude.

4. Este anexo figura incorporado na páxina web do Ministerio de Sanidade e Política Social:

<http://www.msc.es/profesionales/formacion/recoTitulosExtra.htm>

ANEXO IV

Clasificación por grupos das distintas especialidades en Ciencias da Saúde para os unicos efectos de determinar a especialidade que poden posuir os asesores do comité de avaliación a que se refire o artigo 5.3 deste real decreto

Grupo primeiro:

Alergoloxía.
Anatomía Patolóxica.
Anestesioloxía e Reanimación.
Aparello Dixestivo.
Cardioloxía.
Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.
Endocrinoloxía e Nutrición.
Farmacoloxía Clínica.
Xeriatría.
Hematoloxía e Hemoterapia.
Medicina do Traballo.
Medicina Familiar e Comunitaria.
Medicina Física e Rehabilitación.
Medicina Intensiva.
Medicina Interna.
Medicina Nuclear.
Medicina Preventiva e Saúde Pública.
Nefroloxía.
Pneumoloxía.
Neurofisioloxía Clínica.
Neuroloxía.
Oftalmoloxía.
Oncoloxía Médica.
Oncoloxía Radioterápica.
Otorrinolaringoloxía.
Pediatría e as súas áreas específicas.
Psiquiatría.
Radiodiagnóstico.
Reumatoloxía.
Uroloxía.

Grupo segundo:

Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
Cirurxía Cardiovascular.
Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
Cirurxía Oral e Maxilofacial.
Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
Cirurxía Pediátrica.
Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora.
Cirurxía Torácica.
Neurocirurxía.
Obstetricia e Xinecoloxía.

Grupo terceiro:

Farmacia Hospitalaria.

Grupo cuarto:

Psicoloxía Clínica.

Grupo quinto:

Enfermaría de Saúde Mental.

Enfermaría de Coidados Médico-Cirúrxicos.

Enfermaría do Traballo.

Enfermaría Familiar e Comunitaria.

Enfermaría Xeriátrica.

Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona).

Enfermaría Pediátrica.

Grupo sexto:

Análises Clínicas para biólogos e bioquímicos, farmacéuticos, médicos e químicos.

Bioquímica Clínica para biólogos e bioquímicos, farmacéuticos, médicos e químicos.

Inmunoloxía para biólogos e bioquímicos, farmacéuticos e médicos.

Microbioloxía e Parasitoloxía para biólogos e bioquímicos, farmacéuticos, médicos e químicos.

Radiofarmacia para biólogos e bioquímicos farmacéuticos e químicos.

Radiofísica Hospitalaria para físicos e outros licenciados/graduados en disciplinas científicas e tecnolóxicas.

Nota: este anexo figura incorporado na páxina web do Ministerio de Sanidade e Política Social:

<http://www.msc.es/profesionales/formacion/recoTitulosExtra.htm>